



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte. 2021/G007/000024

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e cinco de xuño de dous mil vinte e un, reúnese en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local do Concello de Valdoviño, para celebrar sesión extraordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, con asistencia dos seus membros:

Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez. Non acuden por causas xustificadas, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro (por medios telemáticos), que fai a observancia de que a convocatoria non está efectuada regulamentariamente, posto que ao ter carácter extraordinario non procede a parte de actividade con rogos e preguntas; polo que debe retirarse este punto da Orde do Día da sesión; anunciando a Presidencia a retirada de dito punto.

Visto que existe quórum para a válida constitución da Xunta de Goberno Local desta entidade local (que será de tres dos seus compeñentes- entre eles o alcalde, obrigatoriamente), con asistencia tamén preceptiva da secretaria da entidade, o Presidente abre a sesión, na que se debaten e adoptan os seguintes acordos:

Orde do Día

1º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BORRADOR DE CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO CLUB PRAIA DE PANTÍN PARA AFRONTAR OS GASTOS QUE DERIVAN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES QUE SE REALICEN DURANTE O ANO 2021 E AUTORIZAR O GASTO QUE DERIVA DAS AXUDAS PREVISTAS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Vista a base número 26 das bases de execución do orzamento do ano 2021 na que se” contemplan unha serie de axudas para a organización de actividades/eventos deportivos por medio de subvención nominativa con cargo á aplicación orzamentaria 341.489 00 ao seguinte clube e polo importe que se detallan a continuación:

CLUBE PRAIA DE PANTÍN	10.000,00
-----------------------	-----------

Visto o informe elaborado pola intervención, de fiscalización previa da proposta, na que deixa constancia da existencia de crédito,
En vistas das competencias normativas

PROPONSE:

PRIMEIRO.- Aprobar o borrador de convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de colaborar economicamente coa entidade que se detallan para a organización de actividades/eventos, establecendo os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A ENTIDADE-ASOCIACIÓN SIN ÁNIMO DE LUCRO “CLUB PRAIA DE PANTÍN” PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACION E CELEBRACION DAS ACTIVIDADES QUE SE REALICEN DURANTE O ANO 2021”.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alberto González Fernández DNI nº 32.646.716X, alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación do Concello.

Doutra parte, D. Miguel Ángel Galeiras Piñón , DNI nº 32.670.589D presidente da Entidade-Asociación sen ánimo de lucro : “Club Praia de Pantín”, en nome e representación de dita entidade.

MANIFESTAN

Que ambas partes teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

Que o Concello de Valdoviño poderá conceder subvencións con cargo aos créditos consignados no orzamento.

Que é unha actividade de fomento para favorecer a celebración do evento festa de interese turístico de Galicia denominada “ABANCA Pantin Classic Galicia Pro” 2021. Por todo o exposto, acórdase formalizar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FUNDAMENTO LEGAL.

O artigo 22.2. a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 19.4 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia establece que poderán concederse de forma directa subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

SEGUNDA.- OBXECTO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración económica do Concello de Valdoviño para financiar os gastos que derivan da organización e celebración do “ABANCA Pantin Classic Galicia Pro” 2021.

A duración do convenio esténdese ata a finalización do prazo de xustificación da axuda, finalizando sempre antes do remate do 15 de decembro de 2020.

TERCEIRA.- CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA.

O Concello de Valdoviño comprométese a destinar para esta finalidade a cantidade máxima de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €) á aplicación 341.48900 do Orzamento Xeral para 2021, vixente na data de elaboración deste convenio, de acordo co establecido nas Bases de Execución Orzamentaria.

A dita cantidade debe destinarse única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración do “ABANCA Pantin Classic Galicia Pro” 2021. Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas que poida percibir o beneficiario superen o custo da actividade a desenvolver.

Ademais desta axuda o Concello comprométese; a permitir o uso da praia así coma o do aparcadoiro da mesma para a celebración da proba deportiva, e autorizar o uso dos espazos para a xestión do resto do evento (previa concesión do título habilitante necesario para o que o solicitante deberá presentar toda a documentación requirida); a sufragar parte dos gastos de publicidade, transporte, montaxe e subministro eléctrico de infraestruturas vinculadas ó evento e de responsabilidade municipal, transporte e aluguer de colectores de lixo, xestión de saneamento e auga, así coma a cesión e limpeza previa dos espazos destinados a aparcadoiro para o evento, a prestación do servizo de socorrismo para o uso dos bañistas e usuarios da praia nos días do evento; a cesión das instalacións do Concello de Valdoviño na praia de Pantín. Igualmente colaborarase co apoio de efectivos de seguridade coma Policía Local, extinción de incendios e de Protección Civil, así coma persoal municipal que sexa necesario para a xestión e celebración do evento.

CUARTA.- DOCUMENTACIÓN.

Para a plena efectividade do presente convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Acreditación da personalidade do beneficiario mediante fotocopia cotexada do CIF da entidade.
2. Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación da fotocopia cotexada do DNI da persoa que vai subscribir o presente convenio.
3. Copia compulsada do documento constitutivo e estatutos da dita entidade, así como certificación acreditativa dos cargos da dita entidade.
4. Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
5. Declaración xurada de se foron solicitadas ou non subvencións para a mesma finalidade procedentes das distintas Administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
6. Declaración xurada de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral, e en concreto, co Concello de Valdoviño, e coa Seguridade Social.
7. Declaración responsable de non estar incurso a entidade nin a súa representación en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
8. Certificación dos datos bancarios da entidade.
9. Certificación referida ao carácter deducible do IVE que lle é repercutido polos gastos subvencionados.

En todo caso, a antedita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

Son obrigas do beneficiario:

1. Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización segundo as condicións establecidas no presente convenio. Ditas condicións enmárcanse na Declaración institucional aprobada polo Pleno deste Concello en relación ao

evento Pantín Classic Galicia Pro, así como no documento emitido ao Club Praia de Pantín por este Concello con data 9/08/2019.

2. En toda a publicidade que realicen para a promoción de dito evento debe figurar en lugar perfectamente visible e preferente o escudo do Concello de Valdoviño coas mesmas dimensións, lugares e soportes que o resto de administracións ou programas públicos que colaboren no mesmo, aos efectos de que conste a colaboración prestada. Igualmente o nome do evento figurará en todo soporte publicitario ou de promoción coas mesmas dimensións e de xeito unitario coma recoñecemento da festa de interese turístico de Galicia segundo o Acordo del Consello de la Xunta de Galicia de 19 de maio de 2016, por el que se declara festa de interese turístico de Galicia o Pantín Classic Galicia Pro no Concello de Valdoviño.
3. Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e da finalidade que determina a concesión da subvención no prazo de tres meses dende a notificación da concesión ou ingreso efectivo do importe prepagable da axuda, ou antes do remate do ano 2021 previa solicitude motivada do beneficiario. Admítase a posibilidade de subcontratar a totalidade dos traballos que derivan da organización e celebración do dito evento deportivo, pero non poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial de actividades subvencionadas con persoas que estean non seguintes supostos;
 1. As persoas ou empresas implicadas en calquera das prohibicións para ser beneficiario de axudas públicas.
 2. As persoas ou entidades que recibisen outras subvencións para a realización da actividade contratada.
 3. Intermediarios ou consultores cando o pago sexa definido como porcentaxe do custo total da operación, a menos que este pago sexa xustificado con referencia ao valor do traballo realizado ou dos servizos prestados.
 4. As persoas ou entidades vinculadas ao beneficiario.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio das ditas actuacións.
5. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
6. Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
8. Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 LXS.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para tal efecto polo beneficiario, o unha vez asinado o convenio e ao tratarse de subvención prepagable antes da xustificación da subvención polo ente beneficiario, sen que se requira constitución de aval algún ao beneficiario en garantía do dito anticipo.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a xustificación antes do 30 de decembro de 2021.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir e debera procederse ao reintegro dos importes non xustificadas.

Para a xustificación das cantidades asignadas deste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:

1. Certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención, presentando algún tipo de proba.
2. Certificación que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.
3. Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
4. Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola realización das actividades obxecto da subvención que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e da data máxima de presentación da xustificación, no suposto de que se presenten copias compulsadas, previamente á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal no que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha axuda outorgada polo Concello de Valdoviño. As ditas facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012 do 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación e os conceptos das mesmas deberán especificar claramente que se refiren a gastos específicos derivados da organización e celebración do Pantín Classic Galicia Pro 2020. Achegaranse tamén xustificantes de transferencias bancarias aos provedores, co selo da entidade financeira, aos efectos de que quede acreditado a efectividade dos pagamentos sempre que non teñan código de verificación.
5. Acreditación de ter dado publicidade a colaboración económica do concello ben por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet.
6. Memoria da actuación (firmada en todas as follas) subscripta polo representante legal do “Club Praia de Pantín”, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos e relación clasificada dos gastos realizados nos que se indiquen acredores co seu NIF, os documentos xustificativos dos importes e no seu caso das datas de pagamento, indicando as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula terceira.

No caso das subvencións prepagable, a falta de presentación da documentación xustificativa en prazo, ou presentación de documentación incorrecta, inadecuada ou insuficiente, será posta de manifesto ao interesado para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a un mes, subsane as deficiencias atopadas, transcorrido o cal, sen recibirse esta, procederá á incoación do expediente de reintegro. Este expediente poderá ser polo importe total, no caso de non xustificarse a realización de ningún gasto, de xustificarse inadecuadamente. Tamén poderá ser parcial, no caso de que polo órgano competente se considere que queda acreditada a realización da actividade, pero non se xustificaran gastos en contía que acade o importe subvencionado.

SÉTIMA.- INCUMPRIMENTO.

No caso de que o beneficiario do presente convenio non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade deste, ou non realice o obxecto que determina a concesión da axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.

OITAVA.- NATUREZA.

O presente convenio ten natureza administrativa. Os acordos que se adopten en base ao mesmo porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- CONTROL EXTERNO.

De acordo co disposto na Lei 6/85 de 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, o Clube Praia de Pantín queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o dito órgano de control

externo, en no seu caso segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982 de 12 de maio aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN.

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba da súa conformidade asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O alcalde:
Asdo.: D. Alberto González Fernández.

O representante do ente beneficiario:
Asdo.: D Miguel Ángel Galeiras Piñón”

SEGUNDO.- Autorizar o gasto a día de hoxe unha vez se da inicio ao expediente de subvención nominativa a conceder ao clube/entidade mencionados para sufragar os gastos de realización das actividades durante o ano 2021.

TERCEIRO.- Dar conta deste acordo ao clube interesado e requerirles para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

En Valdoviño, asinado na data indicada á marxe
O alcalde,
Asdo.: D. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a proposta de Alcaldía reproducida anteriormente, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión.

2º.-EXPEDIENTE DE LEGALIZACIÓN DE REHABILITACIÓN, RECONSTRUCCIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL EXISTENTE PARA TRES APARTAMENTOS TURÍSTICOS EN SOLO RÚSTICO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“-Expediente 217/2020. JOSE BUSTO LÓPEZ EN REPRESENTACIÓN DE EL QUIJOTE SC.-

Expediente de legalización de rehabilitación, reconstrucción e ampliación de vivenda tradicional existente para tres apartamentos turísticos en solo rústico, sita en Luar de Riobó, parroquia de Meirás, Valdoviño, redactado polo arquitecto Vicente Fernández-Couto Gómez.

As obra executáronse en solo clasificado segundo Normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo o 28.10.1993 (en adiante NSPM) en vigor neste concello como **solo non urbanizable**.

Cabe convir que deben de entenderse incluídas nas seguintes categorías: solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de infraestruturas e solo rústico de protección de patrimonio.

Visto os informes técnico e xurídico municipais de data 17 de xuño de 2021.

Visto o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do día 08.04.2019, onde se fai referencia á edificación como resultado da **rehabilitación e ampliación dunha edificación tradicional existente**, executada ao abeiro de autorización autonómica outorgada o 09/05/2014.

Visto o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura e Turismo) do día 01.03.2019 onde se afirma que na parcela, obxecto deste expediente, existe unha **edificación rehabilitada e ampliada**, cuxa orixe estaba nunha casa tradicional illado de principios do século XX que se atopaba en estado de ruína.

Visto o informe do Instituto de Estudos do Territorio (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) do día 05.04.2019, onde se fai alusión á edificación como froito da **rehabilitación dunha vivenda de principios do século vinte**, presentando uns acabados, materiais e cores que se consideran adecuados.

Esta Alcaldía, en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- CONCEDER a legalización de rehabilitación, reconstrución e ampliación de vivenda tradicional existente para tres apartamentos turísticos en solo rústico.

Segundo.- As obras axuntaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Vicente Fernández-Couto Gómez colexiado núm. 1094 no COAG, achegado ao expediente xunto a solicitude.

Terceiro- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de urbanismo para o seu trámite
En Valdoviño, 25 de xuño de 2021
O alcalde
Asinado/ Alberto González Fernández”

En votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a proposta de Alcaldía antedita.

3º.- RESERVA DE PASO PERMANENTE INSTADA POR TALLERES LADEIRA, S.L.-

En data 25/05/2021, rexistrase co número 20210000001184, escrito presentado por Mario Pita Senra, solicitando vado para nova entrada ao taller “Talleres Ladeira SL” en Porta do Sol- Valdoviño.

Vista a documentación recopilada coa solicitude entre o que consta informe do Oficial da Policia Local datado o 14 de xuño de 2021, no que relata:

“Que practicadas as correspondentes comprobacións no departamento de Obras e Urbanismo deste Concello, resulta que TALLERES LADEIRA, S.L” representada por MARIO PITA SENRA, solicitou o 09/04/21, mediante escrito de comunicación previa, registrado de entrada neste Concello co número 20210000000820, obras de construción de rampa de acceso a parcela e colocación de cartel publicitario en propiedade privada en Avda. Porta do Sol- Valdoviño, Ref. Cat. 9188405NJ6298N0001IM, sendo informada favorablemente, segundo consta no expediente de obras 73/2021.

Por parte do Oficial da Policia Local que suscribe, referente a normas de tráfico, non se aprecia impedimento á concesión da autorización solicitada.

O espazo de reserva de via pública para paso permanente de acceso á finca que se identifica co número de referencia catastral 9188405NJ6298N0001IM, será de cinco metros, cara ao vial de titularidade municipal que se identifica co número de activo 1C.6.0213.

Consta adxuntado ao ifnorme fotografía e plano de situación”

.Vista a inscrición de Talleres Ladeira, S.L coma establecemento industrial con esta denominación na Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia.

Considerando a Ordenanza Municipal Reguladora de Vehículos deste Concello, nos seus puntos:

- 54.1.c) : Tipo de vado permanente - Garajes destinados a vivenda unifamiliar.-

- 55 Señalización:- 1.- *Las entradas y salidas de vehículos que se autoricen se señalarán y delimitarán simultáneamente con dos tipos de señales:*

A) Vertical: placa de prohibición de estacionamiento ajustado al modelo oficial, que será facilitada por el Ayuntamiento, previo abono de las tasas correspondientes.

La placa deberá instalarse en zona visible de la puerta de entrada o salida del inmueble, preferentemente en el lateral derecho o en su defecto, en la zona central superior de la fachada de la puerta. Excepcionalmente, en aquellos inmuebles con accesos de largo recorrido, se permitirá que se coloque en barra vertical.

A) Horizontal: franja amarilla de longitud correspondiente al ancho de la entrada, pintada en el bordillo o en la calzada junto al bordillo.

No se permitirá en ningún caso colocar rampas ocupando la calzada.

En el supuesto de que el interesado necesite realizar alguna obra de adaptación del vado deberá pedir el correspondiente permiso de obra.

2.- Los gastos que ocasione la señalización descrita en el apartado anterior, así como las obras necesarias serán a cuenta del solicitante, que vendrá obligado a mantener la señalización tanto vertical como horizontal en las debidas condiciones durante todo el período de vigencia de la autorización.

A Xunta de Goberno Local, adopta en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a **solicitud de vado para nova entrada ao taller “Talleres Ladeira”, S.L.**, , outorgando autorización de paso permanente de acceso á finca/inmable da súa propiedade ubicada na Porta do Sol parroquia e termo municipal de Valdoviño; - **AUTORIZACIÓN NÚM. 40 nos términos sinalados no informe policial e** - debendo axustarse a autorización ó sinalado nos artigos 54, 55, 56, 57, 58 e 59 da Ordenanza municipal reguladora de vehículos, reproducidos parcialmente (arts. 54 e 55) na parte expositiva do acordo.

Segundo.- Aprobar a taxa segundo a ordenanza fiscal correspondente (a razón de 3,69 euros por metro/lineal) o que supón un importe de dezaioito euros e corenta e cinco céntimos **(18,45€)**; cantidade que deberá ingresar previamente nas arcas municipais o solicitante, para que a autorización surta efecto.

Terceiro.- Expedir o correspondente documento de autorización municipal; notificando o acordado á Policía Local para os efectos oportunos, así como ao interesado.

Ás dez horas e cinco minutos, sen máis asuntos para a sesión, o Presidente da por rematada a sesión, da que eu Secretaria, CERTIFICO o seu contido expresado na presente acta.

Documento asinado á marxe, pola secretaria municipal e polo alcalde.